

PLAN DE IGUALDADE

IES AUGA DA LAXE

NOVEMBRO DE 2019

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
2.1	Contextualización normativa	4
2.2	Contextualización do centro	6
3.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA	7
4.	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN	10
4.1	Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	10
4.2	Prevenção, detección e intervención en casos de violencia de xénero	11
4.3	Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	11
4.4	Prevenção, detección e intervención en casos de LGBTIfobia	12
5.	MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS	12
5.1	Organización do centro	12
5.2	Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	12
5.3	Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	13
5.4	Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	13
6.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	14

1. INTRODUCCIÓN

O IES Auga da Laxe é un centro público dependente da Consellería de Educación no que se imparten clases de ESO e Bacharelato a un total de 335 alumnos e alumnas que se encontran repartidos en nove grupos de ESO (incluído un grupo de PMAR) e seis de Bacharelato. O alumnado procede, na súa maioría, do propio concello de Gondomar.

Forman parte do centro corenta profesores e profesoras, das que trinta e dúas son definitivas e o resto varía en función das necesidades.

O IES Auga da Laxe vén desenvolvendo desde hai xa bastante tempo numerosas actividades arredor de cuestións relacionadas coa igualdade, así como con temas moi próximos como a violencia de xénero, a diversidade e os dereitos humanos. Hai unha serie de datas do calendario sinaladas sempre no noso centro para programar actividades complementarias e extraescolares, a partir da vicedirección ou os diferentes departamentos que participan deste eixo transversal que acabamos de mencionar: Día contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos Humanos, Día da Muller Traballadora, Día da Muller e a Nena na Ciencia, entre outros.

Ademais de todas estas propostas que xa desenvolvemos, no centro estase a impartir a optativa de Igualdade de Xénero para alumnado de 2º de ESO e estamos a poñer en marcha un Equipo de Diversidade Afectivo-Sexual proposto para todo o alumnado de ESO e Bacharelato. Consideramos fundamental este grupo para dar visibilidade e protagonismo a unha realidade que este curso se fixo especialmente patente no noso centro. Tamén se vai desenvolver un programa de actividades relacionado coa Igualdade (programa que se presentou ao Club de Letras) e no que están implicados a maior parte dos departamentos.

Asemade, temos solicitado o Contrato Programa Iguála-T, encamiñado a desenvolver accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1 Contextualización normativa

Para impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, universidade e Formación Profesional xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o primeiro plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. Así mesmo, a CEIFP asinou un acordo coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia co fin de cumprir as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

En calquera caso, a lexislación actual en todos os niveis, europeo, estatal e galego, constitúe a base da política de igualdade e diversidade que debemos establecer nos centros educativos de Galicia para garantir o pleno desenvolvemento de todas e cada unha das persoas que fan parte da comunidade educativa.

En primeiro termo, a Constitución española de 1978 ditamina que todos os cidadáns e cidadás do estado español son iguais ante a lei. Do mesmo xeito, tamén proclama a protección da dignidade das persoas, dos seus dereitos inviolables e do libre desenvolvemento da súa personalidade. No seu artigo 27 expresa que “a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”.

A LOMCE establece no seu artigo 1 que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Outro obxectivo para a Educación Secundaria Obrigatoria atópase contemplado no Artigo 23.c “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”. Finalmente, no Artigo 33.c "Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade."

Ademais, no artigo 124 da LOE sobre *Normas de organización, funcionamento e convivencia* a LOMCE introduce unha modificación, e mantén que "aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de

discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro."

No Capítulo III da mesma LOMCE, sección primeira, relativa ao Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema: Artigo 126.2 "O Consello Escolar do centro designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres"; e o Artigo 127.g "Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social".

O Real Decreto 1105/2014, que establece os contidos do currículo do Ensino Secundario, no seu artigo 6 ditamina como Elementos Transversais no sistema educativo "o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social."

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, estipula no seu artigo 4 que se evitarán tanto os comportamentos como os contidos que supoñan discriminación por razón de identidade de xénero ou orientación sexual, indo máis alá que a LOMCE na defensa dos dereitos do colectivo LGBT dentro do ensino. Ademais, tamén indica no mesmo artigo que se debe "favorecer a visibilidade homosexual, bisexual, transxénero e transexual". Así, este decreto é froito do desenvolvemento e aplicación dos artigos 22 e 26 da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

O capítulo 5 da Lei 2/2014 establece que se deberá incorporar a realidade LGBTI nos plans de estudos, así como revisar todo o material en uso. Deberán desenvolverse programas que busquen corrixir calquera tipo de actitude ou comportamento discriminatorio por motivos de identidade de xénero ou orientación sexual; divulgarase a realidade LGBTI entre as ANPA; combaterase o acoso, e fomentárase a visibilidade das persoas LGBTI.

Finalmente, no ano 2016 a Xunta aprobou o Protocolo de Identidade de Xénero que establece medidas concretas co seguinte obxectivo: "a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ten que ser verdadeiramente inclusiva, espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non causa rexeitamento." Este Protocolo apróbase a raíz da Lei 2/2014 mencionada anteriormente, e busca establecer medidas concretas que garantan o seu cumprimento efectivo.

2.2 Contextualización do centro

Polo que respecta aos documentos propios do centro atopamos nos sinais de identidade, recollidos no PEC que, “o noso centro protexe o dereito ao honor e a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como o dereito de tódolos membros da comunidade educativa a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razón de sexo”. “Promove a superación de estereotipos que tendan á diferenciación de roles entre o home e a muller, etnia, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social. En particular, non se admitirán entre alumnos e alumnas, nin no resto dos membros da comunidade educativa, as desigualdades sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida do centro educativo”.

Por outra banda, no Plan de Convivencia do centro recóllese como un dos obxectivos a acadar “ fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres”.

Finalmente, no Plan de Acción Titorial, recóllese nas actuacións indispensables co alumnado “o apoio ao desenvolvemento persoal e social de todo o alumnado” e a nivel de intervención, trabállase a educación afectivo-sexual en todos os niveis da ESO, facendo incidencia nas diferenzas sexo-xénero, a resposta sexual humana e a sexualidade: diversidade e orientación sexual.


3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Da análise da situación do centro extráense os seguintes datos relacionados coa igualdade de xénero:


No Instituto hai 335 alumnas e alumnos dos que 167 son rapazas e 168 son rapaces.



En canto ás delegadas e delegados.



Polo que respecta ao profesorado hai 30 mulleres e 10 homes.



O equipo directivo está formado integramente por mulleres.



Distribución do persoal de administración e servizos.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS		
	Mulleres	Homes
Administración	0	1
Conserxes	2	0
Persoal de limpeza	3	0
Totais	5	1

Representación dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello escolar.

CONSELLO ESCOLAR		
Representantes	Mulleres	Homes
Familias	2	1
Alumnado	2	2
Profesorado	5	1
Concello	1	0
Persoal de administración e servizos	0	1
Totais	10	5

Polo que respecta á violencia de xénero e a LGBTIfobia, tal e como temos analizado tanto nas Comisións de Coordinación Pedagóxica como no Claustro, o IES mantén, en liñas xerais, unha convivencia entre os distintos estamentos da comunidade escolar tranquila e respectuosa. Estas consideracións obtéñense logo de presentar neses órganos de coordinación os documentos pertinentes, principalmente amoestacións e expedientes disciplinarios.

Partimos para a análise da situación no centro dos datos que resultaron da enquisa de convivencia escolar levada a cabo pola Xunta durante o curso 2015-2016. Cómpre actualizar estes datos, o que se fará ao longo do curso actual para posteriores revisións e actualizacións do Plan de Igualdade, a través de enquisas aos distintos membros da comunidade educativa nas que incidiremos en cuestións relacionadas coa violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual.

Dos resultados desta enquisa destacamos:

- Participación:
 - ESO: realizada polo 82% do alumnado
 - BACH: 68%
 - Profesorado: 55%
 - Familias: 7% moi aproximado (23 familias)
- Cuestións disciplinarias:

Tanto da mencionada enquisa como da observación ao longo dos anos e dos datos que figuran na xefatura de estudos e no departamento de orientación podemos concluír que os tipos de conflitos máis habituais que se presentan no instituto están relacionados con: interrupcións na aula, esquecemento do material para o desenvolvemento das clases, faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase, desconsideración co profesorado e cos compañeiros ou compañeiras, pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores,...), mala utilización do material do centro..., pero non se reflicten datos relacionados coa violencia de xénero ou coa LGBTIfobia. Nos últimos oito anos, tivemos constancia de dous casos de violencia de xénero que foron tratados e un deles derivado ao RUMI (Rexistro Unificado de Maltrato Infantil).

Por outra banda, temos constancia tamén de casos de violencia de xénero no ámbito familiar.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Este Plan de Igualdade ten como obxectivo principal contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- a) Desenvolver na escola os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- b) Seguir adoptando medidas para o fomento dun uso non sexista da linguaxe no centro: impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares...
- c) Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón

de sexo ou xénero.

- d) Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e no desenvolvemento da Sociedade.
- e) Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- f) Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- a) Propiciar dinámicas para identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, e participando, na medida das posibilidades, en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.
- b) Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- c) Propoñer solucións e medidas correctoras de situacións de violencia de xénero a través da Titoría, Comisión de Convivencia, Orientación...

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- a) Sensibilizar e impulsar a colaboración de maneira activa de toda a Comunidade Escolar, en especial do alumnado, no coñecemento amplo do que supón a Diversidade Afectivo-Sexual.
- b) Implicar os pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- c) Visibilizar, recoñecer e respectar as diferentes formas de amar, de vivir e de expresar o xénero.
- d) Fomentar e favorecer no ámbito do centro as relacións de igualdade como o único camiño real cara ao respecto da Diversidade.
- e) Realizar actividades culturais e de lecer que melloren o coñecemento da Diversidade no seu sentido máis amplo tanto para o alumnado do centro como para as súas familias.
- f) Concienciar a comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- g) Establecer os cauces para que todo o persoal do centro trate o alumnado trans conforme ao nome e ao xénero elixidos.
- h) Asegurar que o alumnado trans poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.

- i) Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia

- a) Traballar na prevención da LGTBIfobia, apoiar e sensibilizar o alumnado sobre esta realidade.
- b) Propiciar dinámicas para identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e/ou discriminación por razón da súa orientación sexual.
- c) Propoñer solucións e medidas correctoras de situacións de LGTBIfobia a través da Tutoría, Comisión de Convivencia, Orientación...

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1 Organización do centro.

- a) Realización dunha diagnose do centro para coñecer o grao de sexismo e introdución de mudanzas que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres.
- b) Realización dunha diagnose, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e do clima de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- c) Análise dos documentos oficiais do centro para saber se existe un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa. De non existir, creación do mesmo.
- d) Revisión dos protocolos de actuación para coñecer se existe un protocolo en caso de acoso por homofobia e transfobia accesible, efectivo e integral. De non existir, creación do mesmo
- e) Valoración de se todo o persoal docente e de orientación sabe como previr e actuar ante situacións de acoso escolar homofóbico e transfóbico.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- a) Análise dos carteis e imaxes colgados nos corredores ou taboleiros das aulas así como dos materiais didácticos que se utilizan no centro para saber se mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- b) Valoración de se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso

escolar por homofobia e transfobia.

- c) Análise da existencia de documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.
- d) Fomento dun uso da linguaxe non sexista nin heterosexista: uso dunha linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible. Revisaranse e modificaranse, se procede, os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupóna a heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.
- e) Revisión da linguaxe utilizada na aula e o que aparece nos libros, eliminando o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- a) Visibilización das prácticas relativas ao Plan de Igualdade que se fagan no centro a través das redes sociais do centro.
- b) Fomento das relacións entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...)
- c) Elaboración dun taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- d) Dotación da biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- a) Celebración de xornadas, palestras e actividades de formación en diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero.
- b) Creación dun **Equipo de Igualdade e Diversidade** dirixido ao alumnado do centro e comisións de igualdade e convivencia a partir do Consello Escolar que contén coa presenza e representación de todos os membros da comunidade educativa.
- c) Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista, contra a LGBTIfobia e que procuren a instauración de roles de xénero diversos, máis alá da actual construción hexemónica da femineidade e da masculinidade.
- d) Aportación de material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e o resto do profesorado poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- e) Organización de actividades en efemérides concretas, tales como o 11 de outubro (Día Internacional da Saída do Armario), o 25 de novembro (Día Internacional

contra a Violencia cara á Muller), o 8 de marzo (Día da Muller), o 26 de abril (Día da visibilidade Lésbica), o 17 de maio (Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia), etc.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan de igualdade será sometido a un proceso de avaliación continuo, global, formativo, sistemático e flexible ao terminar o curso escolar.

O fin principal do devandito proceso será o de contrastar o traballo e consecución dos obxectivos programados. Para unha avaliación de calidade especificase que, como e cando avaliar e quen son os responsables das avaliacións.

Que avaliar?

A avaliación debe entenderse como unha síntese reflexiva dos resultados obtidos. Dita concepción implica adoptar criterios que sirvan de guía e marco de referencia. Por tanto serán criterios de avaliación do plan:

- A avaliación de necesidades correspóndese co contexto real de centro.
- O programa trata de dar resposta aos problemas da devandita realidade.
- Ten en conta as directrices da CCP así como as necesidades detectadas e as propostas dos diferentes axentes da comunidade educativa.
- O resultado xeral obtido da posta en marcha das actividades e a súa correspondencia con obxectivos xerais.
- A coordinación entre os diferentes axentes da comunidade educativa promove a posta en marcha do plan.
- Os recursos empregados e os seus criterios de selección adecúanse ás necesidades e actuacións.
- Proxección cara ao exterior: cooperación con entidades, servizos e outros axentes sociais.

Como avaliar?

Os métodos e instrumentos para conseguir reportar información que contribúa a unha retroalimentación eficaz, réxense baixo o principio de heteroxeneidade.

- Métodos cuantitativos: escalas de valoración, cuestionarios...
- Métodos cualitativos. Debates, observación sistemática, entrevistas persoais e

grupais.

Cando avaliar?

- Avaliación inicial: correspóndese coa análise de necesidades realizado.
- Avaliación continua: realizarase como mínimo unha avaliación ao trimestre onde se analizarán e extraerán conclusións da observación de resultados e os documentos xerados pertinentes ao Plan. Serán tamén de utilidade as reunións semanais de departamentos, mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Claustro e Consello Escolar.
- Avaliación sumativa e final: ao termo do curso.

Quen avalía?

- Axentes internos: alumnado, claustro de profesores e equipo directivo.
- Axentes externos: familias e outros axentes participantes a través de conversacións sobre a posta en marcha da actividade en común.